

**ANEXO I**  
**PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMBACH**

<b>Coordinación STEMBach na Facultade de Dereito:</b>	
Nome: Susana Álvarez González	
Enderezo electrónico: <a href="mailto:sualvago@uvigo.gal">sualvago@uvigo.gal</a>	Teléfono: 988 368 838
<b>Dirección do proxecto</b>	
Nome: Virxilio Rodríguez Vázquez	
Enderezo electrónico: <a href="mailto:virxilio@uvigo.gal">virxilio@uvigo.gal</a>	Teléfono: 988 368 842

*NOTA: Os custos derivados da execución deste proxecto de investigación tales como os desprazamentos do profesorado da UVigo ao centro educativo ou doutras actividades establecidas no plan de traballo, correrán a cargo do centro educativo ao que se asigne este proxecto.*

**Título**

<p><b>Mapa de criminalidade en Galicia.</b> <b>Análise cuantitativa dos delitos cometidos durante o ano 2023</b></p>
--

**Resumo**

<p>A investigación ten por obxectivo elaborar un mapa da criminalidade nun espazo xeográfico acoutado a Galicia e nun período temporal limitado ao ano 2023. Preténdese unha análise cuantitativa, xa que logo limitada a presentar o número de delitos cometidos durante ese período, identificando cales foron e onde se cometeron. Para esa análise empregarase un motor de busca de sentenzas concreto como é Westlaws-Aranzadi, definindo previamente a metodoloxía, así como os criterios de busca. Identificarse un programa informático para tratar os datos estatísticos. A partir de aí elaborarse o mapa no que se ha sinalar o tipo de delito, o lugar xeográfico onde se cometeu e a data. En consecuencia só se terán en consideración sentenzas condenatorias e a nomenclatura empregada será exactamente a contida no texto do Código Penal. En canto ao lugar xeográfico, indicarase o Concello.</p> <p>Esta análise cuantitativa completarse cunha breve análise cuantitativa na que se explicará en que parte do territorio galego se concentra a criminalidade e cal(es) é(son) o(s) delito(s) predominante(s).</p> <p>A estes efectos, consultarase coa finalidade de contrastar os resultados obtidos tanto coa Memoria do Ministerio Fiscal como coas estatísticas do Ministerio do Interior.</p>
--

**Obxectivo**

<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Coñecer métodos de investigación cuantitativa propios das Ciencias Sociais.</li> <li>2. Análise de textos xurídicos a través da lectura das sentenzas xudiciais.</li> <li>3. Familiarizarse co Código Penal.</li> <li>4. Saber presentar os resultados de investigación de forma clara e visual.</li> </ol>
---

## Plan de traballo

1. Formación no emprego da Base de Datos informática de contido xurídico de Westlaw-Aranzadi.
2. Formación sobre a estrutura e contido das sentenzas xudiciais na xurisdición penal.
3. Definición da metodoloxía de busca das sentenzas, establecendo os criterios, o período e o ámbito xeográfico.
4. Tratamento dos datos, definindo a súa presentación.
5. Valoración cualitativa dos resultados acadados.
6. Finalización da redacción do traballo e preparación da defensa.